

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE ABRIL DE 2009 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 25 DE MARZO DE 2009 SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN DE SINATURA EN FAVOR DE VARIOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS


Como consecuencia do nomeamento do novo vicerreitor de Política Internacional debe procederse á modificación da resolución reitoral do 25 de marzo de 2009 sobre avocación de competencias e delegación de sinatura en favor de varios órganos administrativos, para poder garantir a adecuada resolución de asuntos do ámbito da Vicerreitoría.

Polo anterior, esta Reitoría resolve:

1. Deixar sen efecto a avocación de competencias polo reitor no relativo á Vicerreitoría de Relacións Institucionais relacionadas na Resolución reitoral de 31 de xullo de 2007 sobre delegación de competencias en determinados órganos administrativos (DOG 19-setembro-2007).
2. As competencias da Vicerreitoría de Relacións Institucionais contidas na Resolución reitoral do 31 de xullo de 2007 serán asumidas polo novo Vicerreitor de Política Internacional.
3. En tanto non se proceda a publicación da resolución que sobre delegación de competencias atendendo a nova denominacións das vicerreitorías da USC, se delega temporalmente a sinatura das resolucións e actos administrativos relativos ás competencias da Vicerreitoría de Política Internacional no Vicerreitor de Política Internacional.

O que se comunica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2009
O Reitor




Senén Barro Ameneiro